



Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado e impacto ambiental da obra: proxecto de conexión da AG-4.1 coa PO-550, clave PO/09/192.00

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Con data de 19 de setembro de 2011, a entón directora xeral de Infraestruturas, aprobou provisionalmente o proxecto de trazado e impacto ambiental da obra: proxecto de conexión da AG-4.1 coa PO-550, clave PO/09/192.00

Segundo. Con data de 3 de outubro de 2011 publicouse no Diario Oficial de Galicia (nº 189) a Resolución de 20 de setembro de 2011, da entón Dirección Xeral de Infraestruturas, pola que se sometía ao trámite de información pública o proxecto de trazado e impacto ambiental da obra: proxecto de conexión da AG-4.1 coa PO-550, clave PO/09/192.00, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Terceiro. Con data de 30 de setembro de 2011 remitiuse ao Concello de Sanxenxo e ao Servizo Provincial de Infraestruturas de Pontevedra, para a súa exposición ao público, durante 30 días hábiles, prazo durante o cal tamén estivo exposto ao público na entón Dirección Xeral de Infraestruturas.

Cuarto. Con data do 4 de febreiro de 2013, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou declaración de impacto ambiental; publicada no DOG de 18 de marzo de 2013.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O artigo 15.1 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, establece que cando se trate da construción dunha nova estrada ou variante de poboación non prevista no planeamento urbanístico vixente, a Administración titular da estrada aprobará tecnicamente o correspondente estudo informativo ou proxecto de trazado que se someterá ó trámite de información pública durante un prazo de trinta días hábiles, na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No punto 2 dese artigo establécese que, simultaneamente coa información pública, o estudo ou proxecto deberá remitirse ás administracións afectadas para que, no prazo dun mes,



examinen se o trazado proposto é o máis adecuado para o interese xeral e para os intereses das localidades e provincias afectadas. Transcorrido este prazo e un mes máis sen que as administracións afectadas emitan informe ó respecto, entenderase que están conformes co estudo ou proxecto.

Segundo. Na tramitación do expediente tivéronse en conta as normas de procedemento contidas na Lei 4/1994, de 14 de setembro, de estradas de Galicia; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normas vixentes de aplicación.

De acordo con todo o exposto,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado e impacto ambiental da obra: proxecto de conexión da AG-4.1 coa PO-550, clave PO/09/192.00, coas seguintes prescricións e modificacións, que son consecuencia da análise efectuada das alegacións presentadas:

Primeira.- Preverase a redución do ancho do camiño 6 e o seu desprazamento o mais arrimado posible o talude do vial principal para minimizar as expropiacións neste treito.

Segunda.- Diseñaranse con detalle tódolos camiños de servizo de xeito que ningunha parcela quede sen accesos como consecuencia da construción da nova vía. Minimizarase o impacto dos mesmos nas fincas veciñas, evitando a súa execución onde non sexan estritamente necesarios ou melloren de xeito significativo a conectividade da rede de camiños existentes.

Terceira.- Completarase a identificación dos servizos afectados, coa información subministrada, tentando de xeito preferente evitar a afección ó servizo existente e, de non ser isto posible, procedendo á súa reposición. Se tampouco fose posible a reposición do servizo, considerarase este como un dereito real afectado pola execución das obras e procederíase a avaliar a indemnización correspondente.

Cuarta.- Nos casos que o prevea a Lei de expropiación forzosa, farase a expropiación total das fincas nas que só sexa necesaria a ocupación dunha parte das mesmas, de tal xeito que resulte antieconómica a conservación da parte de finca non expropiada e así o solicite o seu propietario.



Quinta.- Corrixiranse os erros detectados nos datos relativos á titularidade, límites e bens das fincas afectadas pola construción da obra, tanto nos planos parcelarios, como nos listados de titulares e de bens e dereitos afectados.

Sexta.- A través do que indique a Declaración de Impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, teranse en conta no proxecto construtivo que desenrole este proxecto os seguintes informes:

- a. As prescricións indicadas no informe de Augas de Galicia.
- b. As indicacións recollidas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- c. Consideraranse as precisións que se establecen no informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
- d. O informe da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe.

Segundo. Nas fases posteriores do proxecto e durante a execución da obra, cumpriranse as prescricións da declaración de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental na súa resolución de 4 de febreiro de 2013.

Terceiro.- Consonte establece o artigo 15.3 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia ordénase a modificación ou revisión do planeamento urbanístico do Concello de Sanxenxo, afectado polo proxecto de trazado e impacto ambiental da obra: proxecto de conexión da AG-4.1 coa PO-550, clave PO/09/192.00, o cal deberá acomodarse ás determinacións do proxecto de trazado no prazo dun ano dende a súa aprobación.

Cuarto.- O proxecto de construción que desenvolva o proxecto de trazado, deberá axustarse ás indicacións recollidas nesta resolución.

Quinto.- Así mesmo, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Infraestructuras_Estradas), porase á disposición dos interesados un documento coa planta do proxecto de trazado aprobado.

Sexto.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos



artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben recurso potestativo de reposición ante o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2013

O Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

PD Orde do 4 de febreiro de 2013 (DOG nº 36, do 20 de febreiro de 2013)

Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

Ethel Vázquez Mourelle